

AS RELACIONES DE ALFONSO R. CASTELAO COS COMUNISTAS DURANTE A GUERRA CIVIL E NO EISILIO

SANTIAGO ALVAREZ

As relacións de Castelao cos comunistas, co Partido Comunista de España, xa que entón aínda non se creara o Partido Comunista de Galicia (PCG), datan xa dos primeiros anos da década dos 30. Son relacións basadas nas coincidencias ideolóxicas e políticas en col do problema nacional en xeneral i en col do problema nacional galego en particular.

"Pra nos os galeguistas, -decía Castelao- Galicia é unha nación e ten o dereito e o deber de organizarse autonómicamente. Xa sinalamos a coincidencia *do galeguismo e do comunismo* a iste respecto, así como na arela de organizar a convivencia fraternal das nacionalidades hispanas dentro do marco do mesmo Estado. Así o proclamamos en Berna, o ano 1932, ante o IX Congreso das minorías nacionais de Europa". (*Véxase Sempre en Galicia*, páx. 54).

En 1937, nun artigo publicado en "Nueva Galicia", Castelao volvíao a recordar, falando de Galicia, decía:

"Tamén está recoñecida pola Terceira Internacional (Internacional Comunista) como nación asoballada".

Partindo desas coincidencias fundamentais, as relacións de galeguistas e comunistas reforzáronse na medida que as circunstancias políticas internacionais e nacionais, e máis concretamente europeas e españolas, nos empuxaban a unha loita común na defensa das mentadas posicións ideolóxicas e das liberdades políticas. E na medida tamén en que se diron outras circunstancias. ¿Cáles foron estas?. En primeiro lugar, o Partido Comunista de España, a partires de 1932, deixa de ser un reducido grupo de comunistas, espallados diversamente pola xeografía española para, baixo a dirección encabezada por Xosé Díaz e Dolores Ibárruri, transformarse nun verdadeiro partido político, vangardía dos traballadores e dos homes máis avanzados da cultura. Partido con capacidade xa pra analizar e ofrecer solucións ós máis diversas factores da problemática española, entre os cales estaba o problema nacional.

O mesmo tempo, o Partido Galeguista, que tiña xa como líder a Castelao, que fora elixido deputado ás Cortes Constituintes da República, veí máis claro que non é suficiente que na Galicia eisista un movemento cultural e intelectual que reivindique o dereito da lingua e a cultura galegas, pra que o pobo galego desperte e loite por isas reivindicacións e pola autonomía, fai falta un movemento político de masas, que incida e mova á opinión pública galega, pero que teña tamén incidencia política en Madrid, no Estado español. E pra chegar a ter ese mo-

vemento era, non xa necesario, senon imprescindíbel, a unidade de todos os que loitaban por eses obxectivos, i en primeiro término *era necesaria* a unidade de galeguistas e comunistas.

O ano 1933 foi neste senso un ano aciago e aleccionador ao mesmo tempo. No mes de xaneiro, Hitler asumira o poder na Alemania, cambiando a faciana política de Europa. Ese feito tivo unha repercusión moi grande e directa en España. Hitler e Mussolini preparábanse pra desencadear a Segunda Guerra Mundial, e interesáballes englobar a España na súa estratexia.

Esa situación *externa*, os erros da República que, instaurada no 1931, non fixera unha Reforma Agraria necesaria, non democratizara os aparellos do Estado e non lle concedera a Autonomía a Galicia; ese conxunto de factores -digo- máis os efectos da crise económica mundial escomenzada no 1929, facilitaron a ofensiva das dereitas españolas. En novembro do 1933, éstas con Gil Robles á cabeza, gañaron as eleccións lexislativas, e orientábanse a implantar en España unha ditadura de carácter clerical-feixista. As masas populares, especialmente os obreiros, con diferentes folgas, e sobre todo có movemento de Asturias de outubro de 1934, fixeron fracasar os propósitos das dereitas.

A insurrección asturiana foi derrotada. Contra os que participaron nela e na folga xeneral que abarcou a toda España, desatouse unha despiadada represión. Todos os que defendíamos a democracia, as autonomías, as liberdades sindicais e políticas, o dereito das linguas das nacionalidades, como a galega, etc., fomos reprimidos. Castelao foi desterrado a Extremadura; os comunistas, entre éstos os galegos, fomos pechados na cadea; nas Asturias moitos pagaron coa súa vida; outros, foron condenados a morte e somentes a continuidade da loita os salvou da execución. O dirixente catalán Companys, foi tamén encadeado e foi suspendida nas súas funcións a Generalitat de Catalunya.

En suma aínda que con intensidade diferente, comunistas, socialistas, galeguistas, nacionalistas, republicanos de matiz diverso, éramos reprimidos. O instrumento da represión era o aparello do Estado republicán ó servizo da dereita política. Esta, a dereita, era a expresión dos intereses oligárquicos e da reaccións máis negra orientada xa cara ó feixismo.

O Frente Popular

A represión non puido resistir o pulo do movemento obreiro, popular e democrático e tivo que retroceder. Naquel intre político a saída da cadea ou a volta do desterro non podían significar somentes o recobro da liberdade persoal. Tratábase de algo máis: de rescatar á República da involución, de recobrar e ensanchar as liberdades colectivas, para o logro do cal había que derrotar os propósitos clericais-feixistas da dereita. A ameaza interna, de carácter feixista, xunto a ameaza exterior co perigo de guerra mundial co que Hitler ameaza ó mundo, fai emerxer a perspectiva do Frente Popular, como a única solución posíbel.

Dende o fin de 1934, pero sobre todo no curso do ano 1935, ata a súa cristalización en xaneiro de 1936, os comunistas españois, que tomamos a iniciativa da

creación do Frente Popular, fixemos dela o centro e o motivo esencial da nosa actividade. A unidade obreira, lograda en Asturias, ensanchada coa unidade do nacionalismo democrático e do republicanismo, daban a clave.

Castelao xa dende o desterro convéncese tamén de que o Frente Popular era o camiño. E, a pesares de que provoca no seu Partido unha escisión pola dereita, promove o ingreso no Frente Popular do Partido Galeguista. Pero deixemos que nos lo explique Castelao mesmo:

"Os mesmos galeguistas que nacíamos e morríamos políticamente en Galicia -dí- sentíamonos escravizados polas contradicións inexorables cando atendíamos ó exclusivo ben do noso país e non podíamos desprezari as continxencias de política xeneral de España... En fin, xa que tiñamos que sumarnos ás forzas do Frente Popular, pelexamos cos galeguistas de dereitas e rompimos o partido. E todo proviña dun despertar da conciencia política de Galicia, impregnada polo ideal que nós mesmos predicábamos; mais interferidas polas preocupacións españolas e tamén internacionais. Dividiuse o galeguismo; mais se tiña espallado. Non dubitábamos de que tratábase de xuntar a toda Galicia nunha arela colectiva de liberdade".

Noutro intre, Castelao engade:

"O pacto republicano galeguista (feito no ano 1930) foi enseguida superado polo do Frente Popular, no que nos atopábamnos de cheo logo de escindirnos o partido, con unha esperanza que veuse cumprida o 28 de xuño de 1936, no día que se celebróu o plebiscito do Estatuto. Certo que non se ponderóu a nosa forza na distribución dos postos pros deputados a Cortes, prevalecendo os precedentes irracionais do ano 1931. Mais a nosa misión no era discutir postos en Madrid. A nosa arela concentrábase en Galicia e tiña unha finalidade próxima: gañar o plebiscito".

Como xa tiveron ocasión de explicar no meu libro "Memorias I", a creación do Frente Popular era necesaria en Galicia, tanto polos obxectivos que esa coalición da esquerda se propoñía en toda España, como porque en Galicia existía esa reivindicación nacional do Estatuto pendiente, que somentes o triunfo do Frente Popular podía satisfacer.

Certo que o 27 de maio do 1933 (antes de se facer as eleccións que gañaron as dereitas) o Goberno publicara un Decreto autorizando plebiscitar o "Proiecto de Estatuto" que a meirande parte dos municipios galegos aprobara perante os días 17, 18 e 19 de xaneiro daquel ano. Pero ese plebiscito non se levara a cabo, porque a situación política favorábel ás dereitas comprometía a vitoria a favor dos autonomistas.

Xa expliquei algunha vez que a necesidade de crear unha coalición democrática como o Frente Popular, que respaldase a acción política polo Estatuto de Autonomía, xa aparecía clara, tanto para mín como pros que conmigo estaban na cadea, con motivo do Movemento de Outubro do 1934.

Por iso, cando salín en liberdade, xunto coa reorganización do Partido Comunista, afectado pola represión, puxemos "mans á obra" na tarefa non menos importante de construír esa coalición democrática. E, como tamén expliquei no meu libro "Castelao y Nosotros los Comunistas", tocóume facer en parte da provincia de Ourense a campaña electoral das eleccións do 16 de febreiro do 1936,

que diron a victoria ó Frente Popular, xunto con Alexandre Bóveda, que era xa con Castelao o persoeiro máis importante do Partido Galeguista. Participaban tamén naquel grupo propagandístico o Dr. Peña Rey, Presidente do Galeguismo en Ourense e o abogado republicano Alfonso Pazos.

Engadirei a este recordo que Alexandre Bóveda distinguíase polos análisis dos temas socioeconómicos e financeiros, esforzándose por demostrar o que representaba economicamente a eispoliación e a opresión que sufría Galicia e, polo tanto, a necesidade da súa autonomía.

Para Castelao, para Alexandre Bóveda, como para nós os comunistas, aparecía máis que claro, nideo, que gañar as eleccións do 16 de febreiro equivalía a que Galicia tivese o Estatuto de Autonomía. E tivoo gracias ó Frente Popular, que saiu victorioso. Foi esa victoria a que permitíu facer e fixo ganar o plebiscito a favor do Estatuto o 28 de xunio de 1936.

Que o Estatuto Galego non tomase estado parlamentario nas Cortes de Madrid en xulio do 1936, nen entrase daquela en vigor, xa non foi culpa de Castelao, nin do Frente Popular, nin do conxunto das esquerdas. Pero como aínda veremos, Castelao non esquencerá o Estatuto nin nos intres máis difíciles da guerra civil nin nos máis alonxados, no tempo, da súa posíbel entrada en vigor.

Nesas inquedanzas, terá ó seu lado, como gran soporte, a posición política firme e consecuente do Partido Comunista de España, que sempre tivo ó respecto unha posición de principios.

Vexamos agora o comportamento de Castelao fronte á sublevación do 18 de xulio e á transformación desta en guerra civil e perante a contenda de 1936-39.

Castelao diante da sublevación do 18 de xulio

Castelao está en Madrid o 18 de xulio do 1936. Era Parlamentario do Frente Popular. O Parlamento xa non funcionaba, pois estaba de vacacións. Nos debates da Comisión Permanente das Cortes mascábase o ambiente da guerra civil. A mín, tocoume vivir aqueles días, vísperas da traxedia, en Madrid. O asasinato, polos falanxistas, do teniente de asalto Castillo o 12 de xulio e o secuestro e morte de Calvo Sotelo, xefe da oposición e deputado por Ourense, o amanecer do día 13, foron o preludio da sublevación. En Madrid, os xóvenes, as forzas obreiras e democráticas, vímonos obrigados a unha vixilancia arreo, de día e de noite. O mesmo lle pasaba a Castelao. Os que vivimos aquiles intres na capital do Estado, fomos testigos das posicións que tiveron os diversos líderes, e sabemos, por iso, que habían algúns que non tomaban en serio a sublevación, -como lle pasou ó noso paisano Casares Quiroga-, incluso a negaban. Pero Castelao non era tan incosciente ou tan frívolo. El era dos que, con fundamento, supoñía o que podía pasar e non se equivocaba. Ademáis, os seus contactos coa minoría parlamentaria do PCE valíanlle de algo tamén nese senso.

¿Cál foi a reacción, a posición que diante da sublevación tivo o líder, indiscutíbel xa entón, do Partido Galeguista, e unha das principais figuras da es-

querda española, sobor da cal recaía, sen dúbidas, unha gran responsabilidade persoal?

Convén lembrarse de que os partidos obreiros e democráticos, os sindicatos, os grupos, instaban moralmente a cada un dos seus militantes, afiliados ou adeptos -e máis aínda ós dirixentes- no plano do compromiso político. Máis o grado deste compromiso, a decisión para cumprilo, o entusiasmo para a súa realización, eran entón, como sempre, unha cuestión moi persoal.

Castelao foi dos que non vacilaron, dos que diron un paso ó frente, opón-dose á sublevación militar feixista, en defensa das súas conviccións e dos seus ideais, relacionados coa súa inquebrantábel adhesión ó réxime constitucional. A raigame desa actitude afondábase na causa de Galicia, tal como o líder galeguista a interpretaba e a asumía.

O 17 de xulio, o PCE, xunto con outras forzas do Frente Popular, visita ó xefe do Goberno, Casares Quiroga, para pedirlle que armase ós traballadores, ó pobo. Aquél négase e dimite. O Goberno do Dr. Giral que lle sucede entrega as armas pedidas, virando cara un rumbo máis acorde coas necesidades da defensa do poder republicano. A noite do 18 de xulio, Dolores Ibárruri, chama ó pobo a resistir ós sublevados, lanzando a famosa consigna "No pasarán". Esta, moviliza ás multitudes que abafan a sublevación.

En tanto que golpe de Estado, a sublevación fracasa, pero os sublevados e os seus amos, Hitler e Mussolini, siguen adiante cos seus propósitos de aplastar a República a toda costa.

Fai falta crear milicias. O día 20 de xulio, tomado o Cuartel da Montaña, xefatura dos sublevados na capital, o PCE organiza o 5º Regimiento. Surxen, outras moitas milicias. Castelao, dacordo có Partido Comunista, fai que na propia sede do Partigo Galeguista, na Gran Vía, se abra un centro de reclutamiento miliciano, un "banderín" de enganche. Encétase o alistamento dos galegos, máis a partir dese primeiro paso, dado por Castelao, serán os esforzos do Partido Comunista de España e concretamente dalgún militante comunista galego, que será moi pronto o seu comisario político, os que contribuirán, decisivamente, a que as milicias galegas cheguen a ser unha realidade, adequiran forza dabondo para formar un batallón, se organicen militarmente e constituían unha das unidades máis aguerridas e heroicas do Exército Popular.

A partires dese primeiro paso, xa mentado, Castelao non estivo vencellado ás milicias galegas e á loita militar dun modo directo e concreto. Alude a elo, nunha das cartas que desde Nova York me escribe a Cuba. Pero non por iso se desentendéu dela. O contrario, él contribuíe a aquela, multifacéticamente, ou de diversos xeitos.

Direi de pasada, que algunhas versións das publicadas hasta agora, sobre as actividades de Castelao nesa época, probabelmente por falta de información, carecen de exactitude ou son incompletas, como tamén ocorre noutro senso, co asunto das milicias galegas. No primeiro caso, aludo sobre todo, a certas referencias do libro do meu amigo Valentín Paz Andrade, e no segundo ás notas da Enciclopedia Galega sobre as milicias.

Diante do feito da transformación do golpe de Estado militar en guerra civil, Castelao como antifeixista plenamente convencido e consciente, apréstase a ser un combatente máis, pero excepcional, do Frente Popular español. E iso é o que foi.

En todo o tempo que durou a guerra, Castelao cumpriu co seu deber de parlamentario. Se non me trabuco, as Cortes xuntáronse nese tempo oito veces. Castelao, sempre presente nelas, considerou o cumprimento desa misión, somentes como un aspecto máis da súa múltiple actividade.

Como gran artista do dibuxo e como antifeixista, os seus albúms "Atila en Galicia" e "Galicia mártir", foron unha contribución dende o campo ideal e moral á necesidade dun Exército Popular, capaz de derrotar a quen representaba esa política tan cruel e bárbara. Política que ofrecía para Galicia e para España unha noite tan negra como foi o réxime resultante da Guerra Civil. No seu álbum "Mili-cianos", Castelao consagrou a imaxe dos integrantes daquel exército coma instrumento fundamental da loita na que se defendía a liberdade de Galicia, de España e do mundo. E coa cal se contiñan ademáis os avances de Hitler cara á Segunda Guerra Mundial.

Os albúms de Castelao recorreron entón España e case todo o planeta. Pero Castelao non somentes falou no Parlamento e fixo dibuxos, escribiu en diferentes publicacións, colaborando asiduamente en "Nueva Galicia", a revista dos galegos antifeixistas.

Castelao escribiu, dictou conferencias, dirixiu o que restaba, no campo republicano, do Partido Galeguista, o seu partido; dulle a pauta a unha emisión de radio instalada en Madrid, dende a que tamén falei eu, e orientou a revista galeguista "Nova Galiza", que se facía en Barcelona. Pero, ademáis deso, nunca deixou de se preocupar pola sorte do Estatuto, que tiña sido favorabelmente plebiscitado o 28 de xunio do 1936.

Os esforzos que nese senso fixo Castelao entre 1937-38, son pouco coñecidos, nembargantes a súa importancia política trascendeu daquel intre. Prescindindo dos detalles, cabe dicir:

1º.- Castelao non logrou o que se propoñía na sesión de Cortes celebrada en Valencia o primeiro de outubro do 1937, polas razóns que el mesmo explica no seu libro "Sempre en Galicia".

2º.- Logo de moitas peripecias, co apoio do presidente das Cortes, o republicano D. Diego Martínez Barrios, co apoio total dos deputados da minoría comunista e outros deputados, consegue que o Estatuto Galego tome estado parlamentario na sesión de Cortes celebrada no Mosteiro de Montserrat (Catalunya) o 1º de febreiro de 1938.

Este feito tivo a transcendencia histórica que pronto imos ver. Por certo, que contando aquela sesión de Cortes, Castelao dí:

"O Presidente das Cortes invitou a todos os grupos parlamentarios a que desafiáran representantes na Comisión de Estatutos que tiña de formarse para examina-lo proxecto que Galicia

tiña presentado e redacta-lo correspondente dictame. Pois ben, todo-los grupos da Cámara nomearon o seu representante menos un: o partido máis forte e máis gubernamental. Iste grupo negóuse a cumprimentá-la invitación do Presidente, inventando dise xeito, unha nova forma de atranco descoñecida nas prácticas anteriores do Parlamento español, xeito que os opositores máis radicais de calquera situación nunca se atreveron a utilizar" (...)

"Non precisamos citar -engade Castelao- o grupo que desencadeou semellante ofensiva contra nós. Abonda con que transcribamos un manifesto que se publicou en todo-los xornais de Barcelona o día 23 de febreiro do 1938" (...)

E transcribe o texto íntegro de dito manifesto, que comenza co título "Os socialistas galegos ante o Proiecto de Estatuto", que está firmado por unha Agrupación Socialista de Refuxiados Galegos, encabezada por Manuel Cordero, e cuio párrafo final di:

"Os socialistas galegos, nistes intres decisivos prás institucións republicanas, pensamos que o problema principal a que temos de entregar todo o noso fervor é axudar ó goberno da República a gañar a guerra" (...).

A iste propósito, o líder galeguista fai o seguinte comentario:

"Ben vese que os socialistas atopáronse entre dous deberes incompatibles e pra matar os seus escrúpulos, inventaron un fantasma e se dispuxeron a discutir con il" (...)

Non se creou, pois, nas Cortes de Montserrat, de febreiro do 1938, a Comisión Dictaminadora do Estatuto de Galicia. Pra que iso se fixese, houbo que esperar a que as Cortes se xuntaran en México, xa no exilio.

O relato de Castelao, escrito denantes desta derradeira xuntanza das Cortes en México, remata así:

"Xa non se pode ñorar que Galiza presentou ás Cortes da República o seu Estatuto autonómico e, polo menos, a historia recollerá este feito".

Mais non se trata -como xa dixemos noutro intre- dun problema que recolla a historia. Gracias a Castelao, á súa previsión, á súa tenacidade e perseverancia, foi posíbel que coarenta anos despois da sesión de Cortes de Montserrat, Galicia poidese ser considerada como nacionalidade histórica e lograse, por iso, a preautonomía, denantes de ser proclamada a actual Constitución do 1978. Gracias a aquel feito das Cortes de Montserrat, ocorreu con Galicia o mesmo que coas outras nacionalidades históricas -Euzkadi e Catalunya- que xa disfrutaran denantes da Guerra Civil de autonomía.

Tanto en Montserrat como despois nas Cortes de México, o Estatuto de Autonomía tivo nos deputados comunistas consecuentes e fieles defensores.

Nos anos da contienda, e concretamente en maio do 1938, Castelao viaxa á URSS primeiro, e ós EE.UU. e Cuba pouco despois. Acepta realizar ises viaxes que lle propón o Goberno republicano do Dr. Negrín, como un soldado disciplinado que cumpre a orden do mando.

Esta é a versión oficial dos feitos: mais, ¿quén ideou eses viaxes?, ¿quén os preparou politicamente nun e outro senso?. Eiquí, neste caso, a relación entre

Castelao e nós, os comunistas, é tamén moi estreita. Doutra banda, ¿en qué momento se preparan e se fan eses viaxes?

En marzo do 1938, despois do esfondamento do fronte republicano de Aragón, produciráse unha reorganización do goberno de Negrín. Indalecio Prieto, deixará a carteira de Defensa, asumindo ésta o propio xefe do Goberno. Este, pide que se lle facilite un secretario particular comunista, e pasa a traballar con el, Benigno Rodríguez, quen dirixira a Sección Social do 5º Regimieento. Nomease a un destacado comunista, o notábel arquitecto Sánchez Arcas, xefe do Gabinete de Propaganda da Presidencia do Consello de Ministros; derógase o decreto de Indalecio Prieto contra dos comisarios xóvenes, e, quen lles fala, é nomeado comisario político do V Corpo do Exército. Pasa a ser Comisario Xeneral de Guerra, despois de Defensa, B.F. Osorio Tafall, co cal, o Comisariado Xeneral adquire un novo pulo.

O mesmo tempo, hai unha gran presión política interna a favor da capitulación do bando republicano -na que teñen moito que ver Don Manuel Azaña, I. Prieto, J. Besteiro e outros-, tamén hai unha gran presión diplomática nese senso de Inglaterra e Francia. Pero a decisión é de continuá-la resistencia. Prepárase e se ten xa en vista o cruce do río Ebro. Fai falta polo tanto, galvanizá-los ánimos no interior e fai falta tamén intensificá-la propaganda no exterior. Os viaxes de Castelao xogaron neste último senso un papel primordial.

As exposicións dos seus dibuxos, en particular os que foron a base do seu álbum "Milicianos", tiveron na URSS unha gran resonancia. Aínda que a opinión pública soviética xa estaba gañada a favor da causa republicana, facía falta ofrecerlle novos elementos sobre a nosa resistencia. Porque precisamente naqueles meses foi cando viaxou á URSS mandado por Negrín, o Xefe de aviación republicana, Xeneral Hidalgo de Cisneros, a pedir nova axuda en armas, axuda que se nos deu aínda que a República non dispoñía xa de cobertura financeira para responder daquela. Engadirei que esa axuda xa non nos chegou ós frentes porque a "Non Intervención" o impediu. Pero ese é outro asunto.

A presenza de Castelao na URSS foi moi ben acollida. O impacto dos logros da URSS no ánimo de Castelao, sobre todo os referidos ó problema nacional, foi coma é notorio, moi positivo e moi fondo.

Cando Castelao volta da URSS escribe na xa mentada revista "Nueva Galicia", portavoz dos antifeixistas galegos, (que sucedeu ó "Miliciano Gallego", semanario das milicias galegas), revista que se editou en Madrid e algún número en Barcelona, que me coupo o honor de dirixir, e da que non era *dono* ningún xefe militar como anotou erroneamente algún autor galego, Castelao escribiu, digo, os seus famosos artigos sobre cómo a Revolución Socialista do 1917, resolveu, no antigo imperio dos Zares, o problema, politicamente crucial, das nacionalidades. E os escribiu en "Nueva Galicia", e non en "Nova Galiza", e ó facelo, o líder galeguista, ofrecía esa solución exemplar como posíbel para resolver ese problema en España. Aínda que a Constitución de 1978 non teña marchado polos derroteiros que Castelao propuxo, non se pode afirmar que aquela solución non fose máis xusta e máis racional que a que se adoptou nas Cortes Constituintes españolas. Pero esa é fariña doutro costal.

O pouco tempo da volta da URSS, Castelao sale para os EE.UU. e Cuba. Estamos xa ás portas do vran do 1938. Allende o mar, coma tiña ocorrido na URSS, coas exposicións dos seus dibuxos, e coas súas conferencias e mítines, será o mellor paladín que entón tivo a causa democrática galega e española fora das nosas fronteiras. Castelao acepta de novo saír ó extranxeiro despois de voltar da URSS, cunha sola condición: que o acompañe un comunista. A dirección do Partido Comunista de España, e concretamente Pedro Checa, segredario de organización, despois de consultar a nosa opinión, a de E. Lister e a miña, xa que os dous éramos xa membros do Comité Central do PCE, propónlle esa misión a Luis Soto, que facía pouco chegara fuxido de Galicia a traveso de Portugal, e que non se incorporara ó fronte, que era escolante e un militante cualificado do Partido Comunista. ¡Vela ahí por qué Luis Soto acompaña a Castelao a Cuba e ós EE.UU.!

A petición de Castelao de viaxar acompañado dun comunista ten a súa lóxica: xa vimos que entre galeguistas e comunistas había coincidencias ideolóxicas e de principio sobre o problema nacional; Castelao comproba despois na URSS a realización deses principios na práctica política do socialismo; sabía ademais, pola súa experiencia, que os comunistas eran en España os máis decididos combatientes antifeixistas, os que estaban sempre nas primeiras ringleiras da loita, sin regatear sacrificios, sin temor a perde-la vida, e tamén sabía ben que a derrota do feixismo era a condición "sine qua non" da liberdade de Galicia. E sabía dabondo que si os comunistas foran i eran seus leales aliados, serían asimesmo en adiante os seus mellores loitadores encol das liberdades, da Autonomía e dos dereitos de Galicia. O mesmo tempo, no ámbito internacional na Europa, na América Latina, etc., os partidos que formaban entonces a Internacional Comunista eran o mellor instrumento mobilizador da solidariedade internacional coa España republicana. Para axudar a ísta tiñan contribuído decisivamente a organizá-las Brigadas Internacionais e outra axuda material e moral. Viaxar naquel intre polo extranxeiro acompañado dun comunista, para facer propaganda pola causa republicana, era unha garantía de ter boa acollida e de colleitar un éxito seguro. Castelao nunca tivo que arrepentirse da súa decisión de aceptar ir á URSS e de que a Cuba e a EE.UU. de Norteamérica o acompañase un destacado militante do Partido Comunista de España.

En Cuba, Castelao apóiase nos comunistas e ten o decidido apoio dos comunistas, tanto cubanos como de orixe español, galegos na súa maioría, que teñen cargos importantes nas institucións e sociedades españolas dos emigrantes republicanos: Casa da Cultura, Círculo Socialista e tamén nos sindicatos cubanos, os máis importantes dos cales foran organizados por galegos como contribuíron a organizar tamén o Partido Comunista de Cuba. E, en certo senso, o mesmo ou algo parecido lle vai ocorrer nos EE.UU. de Norteamérica.

Xa me referín a eses viaxes decindo que Castelao aceptou facelos coa mesma disciplina dun soldado. Pero debo engadir que, sobre todo o viaxe á URSS, era por él moi vivamente desexado. Nesa disciplina de Castelao, dixen tamén, que non só se expresa unha actitude conscente do deber que o momento lle impón, senon a profunda convicción de que ise esforzo que se lle pide precisa-

mente a il, como deputado galego, como líder galeguista e como artista excepcional, é necesario e útil para a causa democrática, e -polo tanto- para a causa de Galicia.

Despois de que Castelao está en Cuba, volta ós EE.UU. Os acontecementos evolucionan negativamente para a República. O final da guerra, en marzo do 1939, coa derrota republicana, o sorprende en Nova York. E dende alí, dende aquela gran urbe que o rianxeiro detestaba, poucos meses logo da nosa desfeita, mantén connigo a correspondencia que recolleemos no libro publicado xa fai dous anos, no 1984, baixo o título "Castelao y Nosotros los Comunistas", libro editado por Edicións do Castro. Calesquera que lea ese libro, pódese dar conta de dúas cousas: que as misivas cruzadas entre nós, son a continuidade dunha relación anterior, e tamén da diafanidade política desas relacións entre Castelao e nós os comunistas, e da sinxeridade das mesmas, por ámbalas dúas partes.

A modo de resume conclusivo desta exposición, quixera aínda dicir.

1º.- As relacións entre Castelao e nós, os comunistas, foron dende os anos 30 ate que o líder galeguista morreu en Bos Aires, a comezos dos anos 50, relacións basadas nas nosas coincidencias ideolóxicas e sobre todo políticas. A raíz fonda destas coincidencias, era unha común interpretación, en moitos aspectos, do problema nacional, *interpretación* a partir do análise marxista, e -de modo concreto- do problema nacional galego, e tamén *do problema nacional* de España como Estado. Calesquera que lle dé a esas relacións outra interpretación, trabucarase gravemente.

2º.- As bases ideolóxicas e políticas desas coincidencias, nas cales un ingrediente esencial era a fidelidade ás liberdades políticas, nacionais, etc., estimulaban a nosa loita común contra da dictadura feixista e daban pulo á nosa común posición unitaria. Elo descarta como tendenciosa e falsa calesquera outra interpretación, como a de ser Castelao un "compañeiro de viaxe" ou algo semellante.

3º.- Insisto, para que non quede dúbida algunha, que as coincidencias entre Castelao e nós, e nós e Castelao, cimentaban unha relación política en tanto que verdadeiros aliados. Esa alianza proxectábase como posíbel perante un longo período histórico, tan longo que podía chegar a ser indefinido no tempo, e independentemente do sistema social, en que nos tocara vivir. As nosas relacións, pola diafanidade e sinceridade que as rodeaba, excluían e exclúen calesquera outro sentido político que se lle poidera dar.

4º.- As coincidencias de principio e polo tanto de fondo, entre Castelao e os comunistas non poideron seren afectadas por algúns esporádicos roces dialécticos habidos nos derradeiros anos da súa vida en Bos Aires, entre él e os representantes do PCE radicados naquela urbe. Rocés dos cales hai que atribuírle a meirande responsabilidade ós meus camaradas.

5º.- A teima e a loita de Castelao sobre Galicia e por Galicia, pola súa autonomía, polos seus dereitos nacionais, háchase sempre ventellada a unha concepción moi definida sobre as características que, no terreo nacional, debía de ter un Estado español democrático. No esencial, esa concepción de Castelao coincidía tamén coa dos comunistas, e esa é a visión do tema que sigo tendo eu hoxe. Calesquera que, tomando o líder rianxeiro como escudo, trate de tergiversar o seu pensamento, deslizaráse por unha pende dañosa e peligrosa para Galicia, para España, para a democracia e o futuro que debe levar o socialismo.

6º.- Polo avandito, coido que se deduce fácilmente que o líder galeguista era un antifeixista como o que máis, era un demócrata a carta cabal, e un home situado sempre na esquerda, que nunca rehuía ese compromiso político. Quenqueira que tratara de borrar ou de escurecer eses feitos, estaría tergiversando gravemente a vida e a obra de Castelao, exemplares por moitos conceutos.